



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés

Materia	Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés			
Código	V01G180V01302			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Rosalia			
Profesorado	Alonso Alonso, María Rosa Rodríguez Vázquez, Rosalia			
Correo-e	rosalia@uvigo.es			
Web	<a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que as/os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.	A1	B5
- Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1 A5 A7 A9	B4 B5
- Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.	A6 A7	B2 B3
- Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semi-formais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.	A1 A8	B1 B3 B5
- Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.	A1 A6 A9	B2 B3 B4 B5
- Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.	A1 A6 A7 A9 A12	B2 B3 B4 B5

### Contidos

Tema	
I. Use of English	1. Modal verbs in the past.  2. Subordinate clauses: 2.1. Adverbial clauses. 2.2. The expression of concession. 2.3. The expression of result and purpose.  3. Dangling modifiers: Strategies for revising them.
II. Reading	Analysis of texts using models of academic discourse.
III. Writing	1. The writing process: 1.1. Awareness of audience and purpose 1.2. Thesis statements 1.3. Textual coherence  2. Text types: 2.1. Writing an e-mail. 2.2. Writing a review.
IV. Vocabulary	1. Topics: 1.1. Time. 1.2. Everyday situations and problems. 1.3. The human body and the senses. 1.4. The human body and the senses.  2. Phrasal verbs, idioms and fixed expressions.
V. Listening	CD, DVD, on-line passages related to the contents of the course.
VI. Speaking	Oral presentations based on the contents of the course.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	2	6
Sesión maxistral	24	32	56
Resolución de problemas e/ou exercicios	24	32	56
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	32	32

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia, os seus obxectivos, a metodoloxía que se empregará e o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos de gramática, lectura e escrita. As explicacións teóricas poderán irse intercalando coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos, mediante exercicios ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Nas semanas 6 e 13 do curso, nas horas marcadas para a clase maxistral, realizaranse dúas probas para avaliar as destrezas gramaticais (10%), de escrita (20%) e de lectura (15%).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exposición por parte da profesora dos contidos de vocabulario, así como desenvolvemento das destrezas de escoita e produción oral. Nas semanas 6 e 13 do curso, sempre durante as horas marcadas para as clases prácticas, realizaranse dúas probas para avaliar as destrezas de vocabulario (10%) e escoita (15%). As destrezas orais (20%) avaliaranse mediante dúas exposicións orais nas semanas 4-5 e 11-12.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades nas que se formulen problemas e/ou exercicios relacionados coa materia e que o alumnado deberá desenvolver de maneira autónoma.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Cando sexa preciso, as profesoras prestarán axuda personalizada ao alumnado, especialmente no caso de que este deba preparar, de maneira autónoma, traballos encamiñados á súa exposición na aula. Por atención personalizada enténdese atención na aula ou en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por medio de correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cando sexa preciso, as profesoras prestarán axuda personalizada ao alumnado, especialmente no caso de que este deba preparar, de maneira autónoma, traballos encamiñados á súa exposición na aula. Por atención personalizada enténdese atención na aula ou en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por medio de correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Cando sexa preciso, as profesoras prestarán axuda personalizada ao alumnado, especialmente no caso de que este deba preparar, de maneira autónoma, traballos encamiñados á súa exposición na aula. Por atención personalizada enténdese atención na aula ou en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por medio de correo electrónico.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Explicacións teóricas e actividades prácticas irán intercalándose nestas sesións. O alumnado será avaliado pola súa participación e implicación no desenvolvemento das sesións, así como polos resultados obtidos nas actividades realizadas. Nas semanas 6 e 13 do curso, nas horas marcadas para a clase maxistral, realizaranse dúas probas para avaliar as destrezas gramaticais (10%), de escrita (20%) e de lectura (15%).	45
Resolución de problemas e/ou exercicios	As destrezas de escoita e produción oral serán exercitadas ao longo das sesións prácticas. Estas sesións tamén se dedicarán á aprendizaxe de vocabulario. Nas semanas 6 e 13 do curso, sempre durante as horas marcadas para as clases prácticas, realizaranse dúas probas para avaliar as destrezas de vocabulario (10%) e escoita (15%). As destrezas orais (20%) avaliaranse mediante dúas exposicións orais nas semanas 4-5 e 11-12.	45
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado poderá ter que preparar en entregar exercicios de xeito periódico. De seren requeridos polas profesoras, estes exercicios serán cualificados. As notas obtidas nestes exercicios serán incorporadas como notas complementarias ás notas obtidas nas probas parciais realizadas nas semanas 6 e 13 do curso.	10

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

## (A) 1ª EDICIÓN DE ACTAS

### (i) Avaliación continua:

O proceso de avaliación arriba descrito será válido para todo o alumnado, que terá que asistir, como mínimo, a un **80%** das sesións das que se compón o curso. O alumnado que non poida cumprir co requisito do 80% da asistencia deberá comunicárllelo ás profesoras durante as **dúas primeiras semanas de curso**.

No proceso de avaliación continua, cada unha das destrezas da lingua será avaliada mediante **probos específicas realizadas na sexta e decimoterceira semanas de curso**, sempre **no horario oficial de clases**. A realización das probas parciais implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado por este sistema non poderá presentarse ao exame final de maio, e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo da(s) nota(s) obtida(s) na(s) proba(s) realizada(s) durante o curso, é dicir, se alguén se presenta a unha soa das dúas probas, a súa nota corresponderase coa nota obtida nesa proba. **En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes** das correspondentes ás sesións teóricas e prácticas das semanas 6 e 13 (4-5, 11-12 para as probas orais).

O alumnado deberá aprobar cada unha das partes que compoñen a materia. O suspenso nunha destas partes implicará un suspenso na materia. De suspender unha soa parte, o alumnado examinarase no mes de xullo (véxase (B)) desa parte e gardaráselle só ata xullo do correspondente curso académico a nota das partes restantes. De suspender dúas ou máis partes, o alumnado examinarase de toda a materia no mes de xullo e non se lle gardarán as notas obtidas ao longo do curso.

### (ii) Avaliación única:

Será empregada **para avaliar ao alumnado que non poida cumprir co requisito do 80% da asistencia e non realice ningunha das probas parciais**. Consistirá nun único exame final que computará como o 100% da cualificación. O exame constará de diversas partes correspondentes a gramática, vocabulario, lectura, escrita, escoita e produción oral (sendo as porcentaxes as mesmas que as empregadas na avaliación continua).

## (B) 2ª EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame único ao final do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de **xullo**. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a gramática, vocabulario, lectura, escrita, escoita e produción oral (sendo as porcentaxes as mesmas que as empregadas na avaliación continua).

**Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, conexión a Internet ou calquera outro medio electrónico.**

**O plaxio total ou parcial en calquera tipo de actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.**

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Dicionarios:**

*Cambridge Advanced Learner's Dictionary*. Cambridge: Cambridge University Press.

*Longman Dictionary of Contemporary English*. Essex: Longman.

*Merriam-Webster online Dictionary and Thesaurus*, Merriam-Webster.

*Oxford Advanced Learner's Dictionary*. Oxford: Oxford University Press.

*Oxford Wordpower Dictionary*. Oxford: Oxford University Press.

*Oxford Thesaurus of English*. Oxford: Oxford University Press.

#### **Gramáticas:**

Carter, R., M. McCarthy, G. Mark & A. O'Keeffe. 2011. *English Grammar Today. An A-Z of spoken and written grammar*. Cambridge: Cambridge University Press. [with workbook]

Downing, A. & P. Locke. 2006. *English Grammar. A University Course*. London & New York: Routledge (2nd edition).  
Huddleston, R. & G. K. Pullum. 2005. *A Student's Introduction to English Grammar*. Cambridge: Cambridge University Press.  
Sinclair, J, (ed.). 1990. *Collins Cobuild English Grammar*. London & Glasgow: Collins.

### **Manuais:**

Hancock, M. 2003. *English Pronunciation in Use*, Cambridge University Press.  
McCarthy, M. 2002. *English Vocabulary in Use (Advanced)*, Cambridge: Cambridge University Press.  
Murphy, R. 2003. *English Grammar in Use*, Cambridge: Cambridge University Press.

### **Bibliografía complementaria:**

Bailey, S. 2006. *Academic writing: a handbook for international students*. 2nd ed. London; New York: Routledge.  
Bell, D. 2008. *Passport to Academic Presentations - Student's Book with audio CD*, Reading: Garnet.  
Campbell, C. & J. Smith. 2009. *English for Academic Study: Listening. Course Book and audio CDs*, Reading: Garnet.  
Campbell, C. 2009. *English for Academic Study: Vocabulary - Study Book*, Reading: Garnet.  
Comfort, J. 1995. *Effective Presentations*, Oxford: Oxford University Press.  
English, A. & L. M. 1998. *North Star Reading and Writing: High Intermediate*. 2nd ed., London: Longman.  
Margolis, A. & J. Smith. 2009. *English for Academic Study: Pronunciation - Study Book with audio CDs*, Reading: Garnet.  
McCormack, J., & J. Slaght. 2009. *English for Academic Study: Extended Writing & Research Skills - Course Book*, Garnet.  
McCormack, J. & S. Watkins. 2009. *English for Academic Study: Speaking - Course Book and audio CDs*, Reading: Garnet.  
Mlnarczyk, R. & S. Haber. 2005. *In Our Own Words*. 3rd ed., Cambridge: Cambridge University Press.  
Pallant, A. 2009. *English for Academic Study: Writing - Course Book*, Reading: Garnet.  
Slaght, J. & P. Harben. 2009. *English for academic Study: Reading - Course Book*, Reading: Garnet.  
Slaght, J., P. Harben and A. Pallant. 2009. *English for academic Study: Reading and Writing - Source Book*, Reading: Garnet.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104  
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105  
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203  
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

---

### **Outros comentarios**

Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

Os volumes listados na bibliografía serán consultados como complemento aos materiais entregados nas clases, ben por recomendación expresa da profesora, ben por interese ou propia necesidade do alumnado. En todo caso, todos os materiais cos que se traballe ao longo do curso poderán ser obxecto de avaliación.

Recoméndase encarecidamente a consulta regular do enderezo de correo electrónico facilitado para abrir a conta en Faitic, así como a da propia plataforma. Entre outras cousas, a profesora fará anuncios e porá material a disposición do alumnado a través desta plataforma.

---